

## Convocatoria de prensa

### Presentación de **Paxinas.com**: Buscador Galego en Internet

Convócase os medios para mañá martes, día 27 de febreiro, ás 17:30, na Casa do Mar de Ferrol (Estrada Alta do Porto s/n), a presentación da primeira versión beta de Paxinas.com.

- Este buscador conta con máis de 8 millóns de páxinas de Galicia, novas de 20 medios de comunicación actualizados constantemente, todos os Boletíns Oficiais de Galicia (autonómico e provinciais) e máis de 2.000 blogs de galegos. **Paxinas.com** pretende converterse na **principal ferramenta para buscar información galega ou relativa a Galicia** en Internet.
- **Paxinas.com** inclúe, entre as súas opcións, o primeiro sistema de recuperación automática de información bilingüe en Galego e Español, así como opcións de procura por lingua, o que permitirá, por vez primeira, que se poidan realizar consultas de noticias exclusivamente en galego nos diferentes medios de comunicación.
- **Paxinas.com** foi desenvolvido pola empresa 3.14 Financial en colaboración con Internet Construdata2, que aportou o seu saber-facer na sección de Boletíns Oficiais. A colaboración entre ámbalas dúas empresas ten dado, nos últimos anos e como resultados máis visibles, a posta no mercado de novedosas ferramentas de xestión de información para o sector da construción, rastreando boletíns e medios online de toda España mediante o uso de técnicas de intelixencia artificial.

#### **Sobre 3.14 Financial:**

3.14 Financial é unha empresa de consultoría e desenvolvemento do sector das TIC. Creada no ano 2002, conta cunha continua inversión en proxectos de investigación e innovación, o que lle permitiu entrar nos mercados internacionais de exportación. Especializada en solucións corporativas, comeza, coa presentación deste primeiro buscador, unha serie de solucións abertas ao público xeral.

#### **Sobre Internet Construdata21:**

Construdata21 é unha empresa especializada na oferta de servizos de información para o sector da construción en España e, a partir do próximo mes de marzo, tamén en Portugal. Con clientes de toda Europa, é líder en información de calidade referida a obras públicas e privadas, así como no desenvolvemento de novos servizos de comunicación entre provedores e promotores principais das obras. Construdata21 conta con gran experiencia no procesamento de información de Boletíns Oficiais e documentos técnicos do sector.

Para máis información:

#### **3.14 Financial**

Manuel Míguez  
Sánchez Calviño, 82  
15404 - Ferrol  
<http://3.14financial.com>  
Tel.: 981 948 778

#### **Internet Construdata21**

Juan Corral  
López de Neira, 3, Of. 201-202  
36202 – Vigo  
<http://www.construdata21.com>  
Tel.: 986 441 186